
**DON JOSÉ PABLO GONZÁLEZ CACHEIRO, ALCALDE DESTE
CONCELLO, A TÓDOLOS VECIÑOS/AS DO TERMO MUNICIPAL**

INFORMA: Que está aberto o prazo de solicitudes para o **PROGRAMA DE
TURISMO SOCIAL PARA MAIORES** que promove o **IMSERSO**.

Solicitantes:

Persoas residentes en España que reúnan calquera dos seguintes requisitos:

- Ser pensionista de xubilación do Sistema Público español de Pensións.
- Ser pensionista de viuvez e ter 55 anos cumpridos.
- Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, en todos os casos con 60 anos cumpridos.
- Ser titular ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social, con 65 anos cumpridos.
- Deberán valerse por si mesmos e non padecer alteracións de comportamento que impidan a normal convivencia nos hotéis.

Poderán participar o cónxuxe ou parella de feito sen necesidade de que éstos reúnan os requisitos de idade ou pensión.

Admitirase como acompañante a un fillo ou filla con discapacidade, que teña un grao igual ou superior ao 45%, sempre que a viaxe a realice cos seus pais e ocupe cama supletoria na mesma habitación do hotel. Deberá cumprimentarse o apartado correspondente da solicitude cos datos do fillo/a e achegar fotocopia do certificado de discapacidade.

Modalidades:

Ofértanse distintas modalidades para que os maiores poidan gozar dunhas vacacións no período comprendido entre os meses de outubro de 2016 e xuño de 2017, segundo a modalidade:

- Zona Costeira Peninsular: Andalucía, Catalunya, Comunitat Valenciana e Murcia.
- Zona Costeira Insular: Canarias e Illes Balears.
- Turismo de Interior, coas seguintes actividades:
 - Circuitos Culturais.
 - Turismo de Natureza.
 - Viaxes a Capitais de Provincia.
 - Viaxes ás cidades Autónomas de Ceuta e Melilla.

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 17 DE XUÑO DE 2016

Os/as interesados/as poden dirixirse ós Servizos Sociais do Concello -
Traballadoras Sociais (telf. 981 790001 - 981792000)

O que informo para xeral coñecemento.

Oza - Cesuras a 03 de xuño de 2016.